

O Nadal está preto de ti, merca en Culleredo

BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" COMERCIO DO CONCELLO DE CULLEREDO

O Concello de Culleredo producirá un total de 100.000 papeletas "Rasca e Gaña" mediante os que se repartirán 2.622 premios, e entregará 500 boletos a cada un dos establecementos participantes. Cada establecemento repartirá un mínimo de 13 agasallos.

A repartición de boletos aos clientes efectuaráse entre o 5 de decembro de 2023 e o 6 de xaneiro de 2024 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas participantes.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

PREMIOS:

- 1 Patín eléctrico Youin- Go SC
- 1 Robot Aspirador ROOMBA II wifi
- 1 SmartPhone REDMI NOTE 12 P 5G
- 4 SmartPhones Samsung Galaxy A14 4GB/64GB
- 2 Tablets TCL 10.1"
- 2 Robots Cociña Moulinex Clickchef
- 5 Fritidoras Airfryer 3.5L Princess
- 6 SmartWhatch SPC
- 1.000 soportes para móvil
- 800 libretas A-5 con bolígrafo
- 400 Bidóns Mento
- 400 Xogos 3 en Raia





NORMAS/BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" COMERCIO DO CONCELLO DE CULLEREDO



- No caso de atopar un dos premios especiais nun boleto, o interesado terá que chamar ao teléfono 606030827 onde lle indicarán cando dirixirse co boleto premiado á oficina do Concello (Promoción Económica), situada no CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" C/ Antonio Machado, s/n. 15670. O Burgo-Culleredo. Teléfono: 981-664204, en horario de 10:00h a 14:00h. de luns a venres, onde o persoal da oficina ocuparase de xestionar a entrega do agasallo. En ningún caso os premios serán trocables polo seu valor en efectivo.
- Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos apréciense roturas, riscadas, emendas ou deterioracións, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte o seu total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.
- Os gañadores dos PREMIOS GORDOS terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a firma dun documento que lles entregará o Concello de Culleredo. O premio Patín eléctrico Youin- You estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo do gañador.



CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:



- Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados.
- Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.
- Os establecementos participantes estarán identificados cun cartel indicando a campaña. A data límite para reclamar o premio é o 15 de xaneiro de 2024. Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.culleredo.es/ . Os premiados autorizan ao Concello de Culleredo a utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios, rrss e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "RASCA E GAÑA" do Concello de Culleredo. A participación na campaña implica a aceptación íntegra das bases.

